



Concello de Bueu

Nuria Lobato del Río (1 para 1)
Secretaría
Data de Sinatura: 15/10/2020
HASH: bb77bbb2ed01f5b8349f2b4bc21b5a6



Expediente	3189/2019
Código SIA	1428945
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procedemento para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu
Documento	Anuncio do Tribunal
Trámite	Cualificación provisional obtida pola aspirante que concorre á celebración e posterior lectura pública do segundo exercizo "Proba práctica" (obligatorio e eliminatorio)

Anuncio do Tribunal

Celebrado con data de hoxe, 15 de outubro de 2020, no salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Bueu, o segundo exercizo "Proba práctica" (obligatorio e eliminatorio) do procedemento selectivo de referencia e da posterior lectura pública ante o Tribunal, da proba práctica realizada, a cualificación provisional obtida pola aspirante convocada, que concorre á mesma, é a seguinte:

ASPIRANTES	DNI	CUALIFICACIÓN
CARRERA DACUÑA ALBA	***5414**	12,00

Publicado o presente anuncio, en aplicación da base 8.3 concedese un **prazo máximo de dous (02) día hábiles (16 e 19 de outubro)**, que se contará desde a publicación no Taboleiro electrónico de Anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) do correspondente anuncio da resolución do tribunal pola que se fai pública a puntuación provisional do segundo exercizo "Proba práctica", para os efectos de presentación de reclamacións e alegacións que se estimen oportunas.

As reclamación e alegacións deberán presentarse, en dito prazo, mediante instancia dirixida á Presidenta do Tribunal do seguinte xeito:

1º. No rexistro xeral do concello de Bueu sito na planta baixa da casa consistorial do concello de Bueu (RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA).

O horario de atención ao público do Rexistro é de 9,00 a 14,00 horas.

2º.- Electronicamente, mediante tramitación electrónica da correspondente instancia xeral á que se accede dende a pestaña "Catalogo de trámites" da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>)

3º.- Correo certificado urgente xunto co envío, dentro do prazo de reclamacións, do TEXTO COMPLETO da reclamación ou alegación e XUSTIFICANTE DO ENVÍO EN PRAZO na correspondente oficina de correo, á seguinte dirección de correo electrónico:

secretaria@concellodebueu.gal

Finalizado o prazo de alegacións o Tribunal resolverá as que se presentaron en tempo e

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 7QQSX.LG76LNTS6TMEC4L4STTF | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Bueu

forma. No suposto de non terse presentado alegacións ou reclamacións en tempo e forma o resultado provisional quedará automaticamente elevado a definitivo

Resoltas as alegacións e/ou reclamacións formuladas, no seu caso, ou elevado a definitivo o resultado provisional, **publicaranse a cualificación definitiva do segundo exercizo "Proba práctica" continuando as actuacións reguladas no apartado c) da base 8.2 das bases reguladoras do procedemento.**

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que a aspirante considere oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, a interesada tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

O que se fai publico mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público") sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello (apartado "Cidadanía"- "Procesos selectivos"- "1- Proceso selectivo técnico/a administración xeral"), para coñecemento dos candidatos no procedemento selectivo de referencia, en aplicación en aplicación das bases 8ª.1.a) e 14ª.2 das bases reguladoras do procedemento selectivo

Documento asinado electronicamente á marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 7QQSXLG76LNTS6TMEC4L4STTF | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2